

Protocolo de actuación en materias con baixas taxas de éxito recorrente da Facultade de Química





Protocolo Xeral

Descrición do protocolo xeral.

A Facultade de Química establece un protocolo de actuación nas súas titulacións para materias con baixas taxas de rendemento. O proceso de revisión e mellora (PE-02) dos títulos procura acadar eficacia nos mecanismos de recollida de información de satisfacción, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese. En cursos anteriores as distintas reunións de coordinación horizontal e vertical permitiron mellorar os contidos das materias, dentro do marco da actual MVT co obxectivo de mellorar as taxas de éxito. Sen embargo, o calendario de actividades de calidade anual establecido pola USC retrasa un curso académico as modificacións propostas nas materias, debido a que a preparación da memoria de calidade do centro se solapa no tempo coa elaboración das programacións docentes. Este protocolo interno busca axilizar as accións a tomar e ademais, poder intervir en casos máis urxentes que poidan xurdir a consecuencia de queixas ou reclamacións do estudantado.

O protocolo toma como base a normativa actual e complétase con accións a desenvolver dentro do marco do Sistema de Garantía Interna da Facultade de Química.

A actuación a seguir en materias con baixas taxas de éxito recorrente da Facultade de Química, será o que se establece a continuación.


- 1- A/o responsable de calidade do centro, xunto co/a coordinadora de calidade redactan un Informe sobre materias con baixa taxa de éxito recorrente, en base ós informes e indicadores dispoñibles na AASX. O informe indicará as materias que, de forma recorrente, contan con baixas taxas de éxito. As materias que debe recoller o informe son as que obteñan valores de taxas de éxito inferiores ao 20% respecto da media da titulación durante os últimos dous cursos.
- 2- Reunión da comisión de título para analizar o Informe sobre materias con baixa taxa de éxito recorrente. En caso de que dita comisión o considere oportuno, solicitarase aos Departamentos responsables da docencia da materia un informe no que se recollan os motivos que causan a baixa taxa de éxito.
- 3- Unha vez recibido o informe programaranse reunións cos coordinadores das materias con baixa taxa de éxito de cara a revisar a programación docente da materia, dentro do marco da MVT. Nestas reunións estarán presentes:
 - a. Coordinador do título
 - b. Coordinador da materia con baixa taxa de éxito recorrente
 - c. Responsable de calidade
 - d. Coordinadora de calidade
 - e. Secretaria da Facultade, que toma acta da reunión
- 4- Reunión da comisión de título onde figure coma punto da orde do día a revisión da programación docente das materias con baixas taxas de éxito recorrente.



- 5- O coordinador do título trasladará á dirección dos departamentos responsables da docencia os acordos da comisión de título e da reunión co coordinador da materia.

Cronograma do protocolo

Pasos do protocolo	DATA PREVISTA
1.- Informe sobre materias con baixa taxa de éxito recorrente	Decembro-Xaneiro
2.- Reunión da comisión de título para analizar o Informe do RdC sobre materias con baixa taxa de éxito recorrente	Febreiro
3.- Reunións cos coordinadores das materias	Marzo
4.- Reunión da comisión de título para a revisión das programacións docentes.	Marzo
5.- Traslado de acordos das reunións aos departamentos responsable da docencia.	Abril



Protocolo excepcional.

De xeito excepcional a dirección do centro pode iniciar o protocolo no caso de recibir queixas do estudiantado unha vez rematada a primeira oportunidade.

Para activar o protocolo excepcional deben cumprirse simultaneamente que:

- 1- Se acadasen valores de taxas de éxito na primeira oportunidade inferiores ao 50% respecto da media da titulación no curso anterior.
- 2- Ter recibido no decanato unha queixa asinada por máis do 75% do estudiantado matriculado na materia.

No caso de activar o protocolo excepcional, os pasos serían os seguintes:

- 1- Reunión da comisión de título para analizar os resultados da primeira oportunidade. En caso de que dita comisión o considere oportuno, solicitarase aos Departamentos responsables da docencia da materia un informe no que se recollan os motivos que causan a baixa taxa de éxito.
- 2- Unha vez recibido o informe programaranse reunións cos coordinadores das materias con baixa taxa de éxito. Nestas reunións estarán presentes:
 - a. Coordinador do título
 - b. Coordinador da materia con baixa taxa de éxito
 - c. Responsable de calidade
 - d. Coordinadora de calidade
 - e. Secretaria da Facultade, que toma acta da reunión
- 3- O coordinador do título trasladará á dirección dos departamentos responsables da docencia os acordos da comisión de título e da reunión co coordinador da materia.
- 4- Aplicase a normativa recollida na *“RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2017 pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Pleno ordinario do Consello de Goberno do 5 de abril de 2017”*.